

NOTA DE PRENSA

Kiko Veneno incorpórase á programación do Festival de Cans como actuación estelar na noite do venres

A sexta edición do festival comeza mañá coa celebración do día dos veciños no Baixo do Moncho

CANS, O PORRIÑO. 19 DE MAIO DE 2009

Kiko Veneno, un dos músicos máis importantes do panorama musical español nas últimas tres décadas, chega ao VI Festival de Cans por sorpresa e como cabeza de cartel das actuacións musicais do próximo venres 22 de maio na parroquia do Porriño. Acompañado pola 'Banda del Retumbe', actuará de balde nunha sesión onde se mesturarán os seus temas máis coñecidos e as cancións que conformarán o seu próximo disco.

O músico catalán chega acompañado da súa banda para presentarnos temas novos e algúns dos seus éxitos, que xa forman parte da nosa memoria colectiva. O autor de clásicos como "Joselito", "Volando voy", ou "ECHO de menos" é historia viva da música popular e mantén a frescura nas súas últimas incursións discográficas. O venres 22 a partir da unha da mañá ofrecerá en Cans unha nova lección de fusión, flamenco e rumba.

Kiko Veneno é o cabeza de cartel dunha programación musical que este ano se presenta máis potente que nunca. O xoves 21 o locutor de Radio 3 Chema Rey ofrecerá unha sesión dj no Pub Tubulart do Porriño, xusto ao remate do certame de videoclips que terá lugar no mesmo local. O venres 22, Veneno estará precedido da estrea mundial do conxunto "Teté Delgado y los Ciclones", o novo grupo rockabilie da actriz e tamén cantante porriñesa.

O sábado o cartel encabézao Lamatumbá, que actuará no torreiro de Cans logo da entrega de premios. A Banda de Música do Porriño actuará pola mañá e a charanga Os Veraneantes acompañará o desfile de chimpibuses. A media tarde A Tuna Rastafari fará bailar ao público do festival. O programa complétase con Os Treboeiros de Muimenta o venres, Cé Orquestra Pantasma o sábado e as sesión de Dj Lagartija para pechar a festa venres e sábado.

Mañá comeza o festival

Mañá mércores 20 comeza a programación do festival co 'Día dos veciños', unha xornada dirixida principalmente aos veciños e veciñas de Cans e que estará protagonizada pola música e a memoria da parroquia e da estrada que a cruza. Será a partir das 21.00 horas no Baixo do Moncho, e contará coa actuación especial do músico porriñés Pancho Álvarez.

Pancho presentará os temas do seu último disco, "Sólidos galicianos". Ademais interpretará o cantar de cego que circulou nos anos 50 sobre un tráxico accidente de autobús que tivo lugar en Cans naquela década. Unha peza especial que se recupera para a ocasión, con debuxos do deseñador e debuxante Juancho Castaño.

A xornada complétase coa estrada do documental "A estrada de Cans", de Juanma Lodo, a presentación do Especial Festival de Cans da Revista Kalaikía e cun animado serán no que participarán os veciños e veciñas da parroquia. Toda a xornada será retransmitida por Internet, en colaboración coa produtora Pai Música.

Desvío de tráfico

O festival continuará o xoves no Porriño e o venres e o sábado de novo en Cans. Eses dous días, no horario do festival o tráfico na N-120 ao seu paso por Cans estará cortado para non interferir co desenvolvemento do festival. O venres 22 de 8 da tarde a 5 da mañá e o sábado 23 de 11 da mañá a 5 da mañá o tráfico estará desviado cara á autovía Vigo-Ourense no Porriño á altura do IES Pino Manso e no alto do Confurco, no límite co concello de Pontearas. O tráfico permanecerá aberto para os residentes e as liñas regulares de autobuses.

Trátase dunha medida para evitar aglomeracións en Cans e dar maior seguridade ás persoas que se desprazan a pé pola parroquia eses días. A organización lembra ás persoas que acudan ao festival que en Cans hai moi pouco espazo para aparcamento, polo que se recomenda empregar o menos posible os coches para evitar atascos e colapso nas zonas de aparcamento.

O ano pasado pasaron polo Festival de Cans arredor de 5.000 persoas, cifra que se podería ver superada na presente edición.

Máis información na web www.festivaldecans.com

Programa completo en

<http://www.festivaldecans.com/festival/content/view/152/131/lang.galego/>

Para máis información contactade con Tamara Blanco no 692 164 469.